

Guía didáctica

LINGUA

2

1

Quen é quen?



1

Empezamos un novo curso.
Coñeces quen te vai acompañar en segundo?

QUEN É QUEN?

- ▶ Coñeces todos os compañeiros e compañeiras da túa clase?
- ▶ Como nos podemos presentar?

NESTA SITUACIÓN IMOS APRENDER...

- COMO PRESENTARNOS.
- A ESCITAR OS DEMÁIS.
- A DISTINGUIR O GALEGO ENTRE OUTRAS LINGUAS.

9

Contexto

Empeza un novo curso e os de segundo preséntanse... Coñeces a todos os teus compañeiros e compañeiras da clase?

Empezamos un novo curso, e probablemente os alumnos aínda non se coñecen entre eles, e iso xéralles un pouco de inquietude. Os primeiros días son moi emocionantes!

Nesta situación o alumnado poderá reflexionar sobre a importancia de coñecer o grupo e entender que eses nervios do principio son compartidos por todos. Todo iso a partir da aprendizaxe sobre como presentarse.



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ODS 4. Educación de calidade

Unha educación inclusiva e de calidade para todos baséase na firme convicción de que a educación é un dos motores máis poderosos e probados para garantir o desenvolvemento sostible.

Planificación

■ **Motivación e contextualización da SA.** Propostas e actividades para motivar e situar a SA.

■ **Desenvolvemento da SA:**

- Comunicación oral: Actividades 1, 2, 3, 4 e 5 (a presentación*).
- Comunicación escrita: Actividades 6, 7, 8, 9 e 10.

■ Resolución da situación: Actividade 11.

■ Valoración e reflexión: Actividade 12.

(*Fichas de atención á diversidade básica e de ampliación)

Instrumentos de avaliación

- Actividades para avaliar a comunicación oral: 1 e 2.
- Actividades para avaliar a comunicación escrita: 6, 7 e 11.
- Rúbrica de autoavaliación: 12.

Orientacións

Empezamos


- Pedir que observen os catro protagonistas da páxina de entrada. Sabedes quen son? Como credes que son? Como credes que se senten? Como poderíamos descubrir quen son? Serviría unha presentación?
- É o momento de elaborar hipóteses e compartilas. Respectando a quenda de palabra, e oralmente, o alumnado pode expoñer as súas suposicións. Aproveitar a situación para que se presenten dicindo tan só o seu nome e compartindo como se senten. Tamén se pode explicar se nalgunha outra situación –á parte do colexio– tiveron que presentarse e como o fixeron.



1

ESCOITAMOS E COMPRENDEMOS

1 Escóitade as presentacións e observade. Quen se presenta? Recoñecédelos? Pegade cada nome onde corresponde.



2 Agora, relaciona:

Bego	■ O seu pai lévaos ao parque.
Iván	■ Ten un irmán maior.
Fátima	■ Ten unha irmá pequena, Bet.
Paula	■ Vive coa súa nai.

3 Que máis sabes deles? Verdade (V) ou mentira (M)?


- Onde viven?


<input type="radio"/> Viven na mesma vila.	<input type="radio"/> Viven en diferentes vilas.
--	--
- Que lles gusta?


<input type="radio"/> A Bego gústalle os plátanos.	ESTE VERÁN COÑECÍN MOITA XENTE E TODOS FALABAMOS DIFERENTE.
<input type="radio"/> A Iván encántalle as croquetas.	
<input type="radio"/> A Fátima gústalle o zume de laranxa.	
<input type="radio"/> A froita preferida de Paula son os amorodos.	


Lembra como se presentaron. Todos falan galego?


4 Agora, escoitade estoutas presentacións. Que linguas falan? Quen fala en galego?



Lucía


Mia


Juan


Bea


Michel


Asha

Escoitamos e comprendemos

Para coñecer os nenos e as nenas protagonistas, escoitar e comprender a súa presentación.

Actividade 1

- Lembrar a importancia de ter unha actitude atenta para escoitar o texto oral da actividade.
- A actividade resólvese con recortables. Mirar ao final do libro que todos os teñan e anticipar os nomes dos personaxes para que lles sexa máis fácil resolver a actividade.
- Dispoñedes da **transcripción da conversación** nesta guía didáctica para consultar o que escoitastes.

Actividades 2 e 3

- Volver escoitar o audio, prestando especial atención á información que dan sobre a súa familia e o labor de cada un.
- Escoitadas e comprendidas as presentacións, facer un comentario de resumo ao final. Pódenvos servir de guía para o diálogo estas preguntas: *Entendestes todo o que compartían os personaxes? E todo o que explicaron os compañeiros? Falamos todos o mesmo idioma? Algún de vós fala outros idiomas?*

Actividade 4

- Escoitar as presentacións da actividade 4 para recoñecer que outras linguas escoitaron ademais do galego.
- Conversar sobre o tema: *Coñeces xente que fale esas linguas? Como as recoñeces? Gustaríavos aprender algunha desas linguas?*
- Dispoñedes da **transcripción da conversación** nesta guía didáctica para consultar o que escoitastes.

Actividade 5

- Sondar que outras linguas falan os alumnos na casa.
- Contar que linguas fala cada un pode crear conexións e ser un elemento útil para presentarse.

Solucionario

- | | |
|--|--|
| <p>1. Bego. Fátima. Iván. Paula.</p> <p>2. Bego. Ten unha irmá pequena.
Iván. O seu pai lévaos ao parque.
Fátima. Ten un irmán maior.
Paula. Vive coa súa nai.</p> | <p>3. Viven na mesma vila. / F, V, V, F.</p> <p>4. Falan galego, castelán, inglés e francés.
Falan castelán Juan, Lucía e Bea.</p> <p>5. Resposta aberta.</p> |
|--|--|

1

5 Agora, ti. Que lingua falas?

- Na casa falo _____
- Cos meus amigos falo _____

PREPARAMOS UNHA PRESENTACIÓN

6 Que información é importante cando vos presentades?

COMO ME CHAMO CANTOS ANOS TEÑO COMO SON
 ONDE VIVO ONDE PASO O VERÁN QUE ME GUSTA

7 Prepara a túa presentación: **PRIMEIRO**

**AGORA SI, AGORA
TÓCACHE A TI. COMO
TE PRESENTAS?**

- Saúdo: _____
- Chámome: _____

DEPOIS

- Teño: _____ anos.
- Como son: _____
- Vivo en: _____

PARA REMATAR

- Gústame: _____

8 Lembras? A Iván gústalle inventar historias e xogar coas súas amigas no parque.

- É a ti, con quen ou con que che gusta xogar? _____

Nunha presentación persoal teño que dicir o meu **nome**, a miña **idade**, **como son**, **onde vivo** e o que **me gusta**. E podo engadir información como, por exemplo, se teño mascota ou a que colexio vou.

ENSAIAMOS E PRESENTÁMONOS

9 Entre ti e eu, ensaiamos. Como o fixemos?

Na opinión de: _____

Expreséime con voz clara.		
Presentéime de maneira ordenada.		
Saudoi.		
Escotei o meu compañeiro ou compañeira sen interromper.		

10 Agora si. Anímate! Préséntate ante os demais.

Preparamos unha presentación

Convidar os nenos e as nenas a seguir unha estrutura básica para presentarse.

Actividade 6

- Para evitar vergoñas e romper o xeo, primeiro traballar en parella. Facer as parellas de forma orixinal; pode ser con alguén que teña a mesma lingua materna, ou quizais alguén que leve o calzado do mesma cor.
- Preguntar: Ten sentido falar da túa familia se non coñecemos primeiro o teu nome? E saber se tes mascotas sen saber se tes irmáns?

Actividade 7

- Seguir o esquema da actividade para presentarse. Lembrar en grupo información sobre as presentacións do principio da situación; mesmo, se tedes tempo, volver escoitalas.

Actividade 8

- Para resumir as ideas, lembrar entre todos a información indispensable nunha presentación: Que credes que non pode faltar cando vos presentades a alguén? Que é o que vos interesa que vos expliquen cando alguén se presenta?

- Convidar os alumnos a ler con atención o cadro informativo e lembralo.

Ensaiamos e presentámonos

Despois da preparación, é o momento de facer as presentacións. Propoñer que practiquen en parellas e animalos a incorporar cambios na súa presentación.

Actividades 9 e 10

- Previamente, ler entre todos os ítems da actividade 9 e pactar que significan.
- Despois do ensaio en parella e de que o compañeiro ou a compañeira os valore, incorporar cambios antes de presentarse definitivamente ante o grupo na actividade 10. Sentar en círculo e presentarse en orde e cunha certa informalidade para evitar presións.
- Acabar coa reflexión: Credes que é importante a opinión dos demais cando falades en público? E credes que a vosa opinión pode ser útil para outra persoa cando fala en público ou se presenta?
- Tedes dispoñible a ficha **Practica+**: A presentación.
- Tedes dispoñible a ficha **Amplía+**: A presentación.

Solucionario

- | | |
|---|--|
| <p>6. Como me chamo. / Cantos anos teño. / Como son. / Que me gusta.</p> <p>7. Resposta procedemental.</p> <p>8. Resposta aberta.</p> | <p>9. Resposta procedemental.</p> <p>10. Resposta aberta. Teñen que dicir o seu nome, a súa idade, onde viven e como son. Poden engadir outra información.</p> |
|---|--|



PRESENTAMOS A OUTRA PERSOA

11 Agora que xa sabes presentarte, como presentarías alguén da túa familia? E a túa mascota?

■ Pódeste gravar en vídeo.

Como o fixeches?

Pensei o que quería dicir. Expliquei como son. Escoitei os demais.

VALORAMOS

12 Que aprendiches?

Sei distinguir o galego entre outras linguas.

Escoitei os demais sen interromper.

Aprendín como presentarme.

PARA REMATAR, PENSA...

■ Necesitaches axuda nalgunha actividade?

■ Que é o que che gustou máis?

14

Presentamos a outra persoa

Despois de que o alumnado escoite, analice e practique modelos chegou o momento de resolver **o reto: presentar a outra persoa**.

Actividade 11

- Posto que xa se traballou como se fai unha presentación, propoñer que escriban unha. Poden seguir o esquema de preguntas da actividade 7.
- Unha boa idea é que se graven facendo a presentación. Se non se ten material para facelo, poden gravarse na casa e despois, coa rúbrica da actividade, que está ao final da situación de aprendizaxe, poden autoavaliarse.

Valoramos

Valorar a aprendizaxe para fomentar o espírito de autocrítica do alumnado mediante unha rúbrica sinxela.

Actividade 12

- É importante observar como responden os alumnos ás preguntas do metaaprendizaxe e, tamén, como valoran o traballo semanal. Pedirlles que xustifiquen a súa opinión.

Para rematar, pensa

Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe (metacognición).

- Esta valoración pode ser unha ferramenta útil durante o curso, para desenvolver as habilidades de aprender a aprender dos alumnos, xa que os fai ser conscientes do que aprenderon e do que aínda poden mellorar.

COMO AVALIAR

Durante a realización das actividades recoméndase tomar datos para a **avaliación continua**, a partir das respostas dos alumnos, e activar a regulación do proceso. Se é necesario, propoñer actividades para superar as posibles dificultades detectadas.

- **Comprender e producir textos orais:** actividades 1 e 2.
- **Preparar e producir textos escritos:** actividades 6, 7 e 11.

Solucionario

11. Resposta aberta.
12. Resposta aberta.



TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO ORAL

Quen é quen? (act. 1)

IVÁN: Boas! Teño 7 anos. Levo o pelo curto e, aínda que me gustaría ser louro, son castaño. Eu son o máis alto da cuadrilla. Todos vivimos nunha vila que ten mar e montaña e pasámolo moi ben cando imos ao parque co meu pai. O meu avó di que teño moita imaxinación porque me gusta inventar historias. Encántanme as croquetas. E odio o brócoli.

BEGO: Que tal? Tamén teño 7 anos. E teño o pelo castaño. Aínda que o meu pelo é longo, lévoo sempre, sempre, recollido.

Na casa somos cinco, os meus pais, o meu irmán maior e a pequena, Bet. Nunca me enfado. Mmmm, vale... Enfádome cando chego tarde por culpa de Bet ou cando o meu irmán me come os pasteliños ou os amorodos, que son as miñas sobremesas preferidas.

Gústame moito patinar. Iría a todas as partes cos patíns. E tamén me gusta saír ao balcón e mirar lonxe e falar coa señora Rosa, a miña veciña.

FÁTIMA: Ola! Teño 7 anos e sempre, sempre, levo saia (encántame levar saia). A miña avoa di que son alegre porque sempre estou contenta. Gústame estar con Berta, a miña coidadora, porque organizamos concursos de debuxo. Inventamos probas especiais, como, por exemplo, debuxar un peixe ou unha casa usando a man esquerda. E sabedes? Sempre gaño eu, porque son esquerdeira. Ás veces o meu irmán tamén xoga, pero nunca gaña. Moitas veces o premio é un zume de laranxa. É xenial!

PAULA: Ola! Eu chámome Paula e xa teño 8 anos. Teño o pelo longo e son loura. Vivo coa miña nai e con Bob, preto do cole. Encántame xogar ás adiviñas co meu avó, e cando vou ao parque cos meus amigos do cole, gústame subir ás árbores. Fátima e Iván sempre din que non teño medo de nada porque tamén me gusta entrar nas covas cando imos de excursión. Para merendar, a miña froita preferida é o plátano.

Quen é quen? (act. 4)

JUAN: Buenos días. Mi nombre es Juan, tengo 10 años. Vivo en Salamanca, una ciudad muy bonita. Soy más bien rubio y tengo el pelo liso, como mi madre. ¡El perro de mi vecino es amigo mío!

LUCÍA: Buenos días. Soy Lucía. Tengo siete años. Vivo en Castelldefels. Soy morena y me gustan las trenzas en el pelo y las fiestas. Tengo una mascota, mi gato, que se llama Félix.

MIA: Ola, chámome Mia, vivo en Santiago e teño 8 anos. Gústame xogar á pelota e bañarme na piscina.

ASHA: Hy! My name is Asha, I'm from London. I'm 8 years old. I like swimming with my sister. It's funny!

BEA: ¡Hola! Me llamo Bea y soy de Bilbao. Tengo 7 años. Mis padres tienen una tienda de fruta. No tengo mascota, pero me encantan los animales y me gusta leer.

MICHEL: Allo. Mon nom est Michel, j'ai 5 ans et j'habite a Paris.

As presentacións

Nome: _____ Data: _____

- 1 Escoita **as presentacións** en distintas linguas da actividade 4 outra vez e relaciona a información cos seus protagonistas:



LUCÍA



BEA



JUAN

TEÑO DEZ ANOS.

TEÑO UN GATO.

VIVO EN SALAMANCA.

VIVO EN BILBAO.

TEÑO SETE ANOS.

VIVO EN CASTELLDEFELS.

GÚSTAME LER.

- 2 Asha fai a súa presentación en inglés. Le a información que dá e preséntaa en voz alta:

Vivo en Londres.

Teño oito anos.

Gústame ir nadar.



As presentacións

Nome: _____ Data: _____

1 Escolle unha mascota e imaxina que puidese falar. Como sería a súa presentación?



• Nome: _____

• Cantos anos ten? _____

• Como é? _____

• Onde vive? _____

• Que lle gusta facer? _____

• Que lle gusta comer? _____

2 Presenta a mascota que escolliches coma se fose túa e com-
proba que o fixeches ben:

Presentei a mascota que elixín.

Dei todos os datos que preparei.

Expreseime en orde e con voz clara.

